



## RESOLUCION DA ALCALDIA

### ASUNTO: ADOPCIÓN DE MEDIDAS DERIVADAS DO COVID-19 EN OUTUBRO DE 2020.

Visto o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación da infección causada polo SARS-CoV-2 e tendo en conta que segundo os datos publicados no SERGAS ao respecto do nivel de alerta por concellos en relación aos casos confirmados por PCR nos últimos 7 días, este concello está en nivel de alerta vermella.

Vista a comisión de seguimento por mor do COVID-19 celebrada na data de hoxe na que se acordou a suspensión do mercado semanal de Vimianzo así como as actividades culturais programadas dende o concello, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia de persoas.

Considerando o previsto no artigo 43.2 da CE que establece que compete ós poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e de prestacións de servizos necesarios.

Visto a disposto no artigo 84 da LBRL e artigo 4.1 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, e co fin de controlar a tramisión da enfermidade.

#### RESOLVO:

PRIMEIRO.- Suspender o mercadillo semanal, que se celebra os xoves, ata nova resolución e en función da evolución da situación.

SEGUNDO.- Aprazar as actividades culturais programadas dende o concello en función da evolución da enfermidade, dende o día de hoxe ata nova resolución.

TERCEIRO.- Recomendar á veciñanza que os trámites derivados de procedementos nos que esta administración sexa a actuante, se leven a cabo de forma telemática a través da sede electrónica nas direccións electrónicas e telefónicas que se difundirán mediante bando desta alcaldía.

CUARTO.- Trasladar estes puntos mediante bando municipal ao amparo da atribución prevista no artigo 21.1.e) da Lei 7/85 de 2 de abril.

QUINTO.- Trasladar esta resolución a todos os departamentos municipais implicados.

SEXTO.- Publicar esta resolución a efectos informativos xunto co bando correspondente no Taboleiro de Anuncios municipios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo.

SÉTIMO.- Dar conta desta resolución na primeira sesión de pleno ordinario que se celebre.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)